

XORNADAS

Consumo Sostible e Xénero: novas preguntas, novos retos

23 e 29 de Abril e
13 de maio


Santiago de Compostela



Inscripcións:

As xornadas son de balde, pero o número de prazas é limitado, polo que agradecemos a vosa inscrición previa enviando un correo electrónico ao seguinte enderezo de correo-e: sensibilizacion@panxea.org

Organiza



Co apoio de:



Se ben o movemento do **Comercio Xusto e o Consumo Responsable** sempre tivo a Equidade de Xénero como prioridade, tradicionalmente só traballou o tema nas fases de produción e comercializacións, e poucas veces na terceiro vértice do triángulo, o **Consumo**, no que tan só analizou o rol da muller como obxectivo das campañas publicitarias, como encargada do 80% das compras dos fogares occidentais, fenómeno do que é consciente a mercadotecnia empresarial

O **rol da muller** como compradora no é casual, senón resultado da tradicional división sexuada do traballo, e reflicte as relacións de poder no ámbito doméstico. De feito, as decisións de adxudicación orzamentaria familiar aínda teñen un claro sesgo masculino. Diante desta situación xorde a necesidade de preguntarse ¿quen compra qué?, ¿cómo se establecen as prioridades no consumo doméstico?, ¿qué repercusión ten a adopción dun modelo de consumo sostible nas diferentes integrantes do grupo doméstico?, ...

As xornadas van dirixidas a técnicas, responsables e activistas das organizacións sociais que teñan relación ou traballen no eido do **Feminismo, o Comercio Xusto, o Consumo Responsable, a Soberanía Alimentaria, ...**, e teñen como obxectivo debater estas e outras cuestións e as ponencias están ao cargo de activistas e investigadoras especializadas nestas materias.

PROGRAMA

Xornada 1

Miriam Nobre: "Sinexias entre feminismo, ecoloxía e consumo responsable"; Miriam Nobre é integrante do Secretariado Internacional da Marcha Mundial das Mulleres.

23 de Abril (Martes)

19:30 horas; Salón de Actos do Centro Sociocultural de Fontiñas (Rúa Berlín, nº 13)

Xornada 2

Isabel Vilalba Seivane: "O papel das mulleres na produción de alimentos dende a óptica da Soberanía Alimentaria". Isabel é Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego.

29 ou 30 de Abril (Luns ou martes)

19:30 horas; lugar pendente de confirmación

Xornada 3

Joana García Grenzer: "Economía Feminista e con visión de xénero". Joana é xornalista e e posgrado en xénero e políticas de igualdade.

13 de Maio (Luns)

19:30 horas; lugar pendente de confirmación